MEMORIA ANUAL 2019

ASPACE
PARÁLISE CEREBRAL

ASPACE
PARÁLISE CEREBRAL
Galicia

Memoria Anual '19

Xuntamos esforzos, construímos futuros

SUNDAY
DREAM
ALL
DAY
DANCE
ALL
NIGHT
Coca-Cola

SAÚDA DA PRESIDENTA

Presentamos nas seguintes páxinas un resumo das principais accións desenvolvidas pola Federación ASPACE Galicia no 2019, ano no que seguimos apostando por impulsar a Federación ASPACE GALICIA como unha ferramenta de coordinación, reivindicación e sensibilización do colectivo das Persoas con Parálise Cerebral de Galicia.

O 2019 foi un ano de importantes **incertezas económicas** para o colectivo da parálise cerebral en Galicia. Diversos factores externos uníronse para por en perigo a sustentabilidade das entidades. Pero, unha vez máis, a unidade e a incidencia coordinada do colectivo permitiu superar esta situación.

Incrementamos a nosa aposta pola **participación activa dos diferentes grupos de interese** da Federación na vida asociativa coa organización de accións como:

- III Encontro de profesionais das entidades ASPACE de Galicia.
- III Encontro de familias de ASPACE Galicia.
- IV Encontro da Rede de cidadanía activa.

Fomentamos a **formación e as ferramentas para compartir boas prácticas** nos grupos de interese da Federación en temas tan necesarios como a Alimentación segura e eficaz, o envellecemento das persoas con parálise cerebral, a sexualidade e a afectividade no colectivo ou a participación de persoas con parálise cerebral con grandes necesidades de apoio.

Apostamos pola **transparencia e a apertura á sociedade** apostando pola comunicación externa do colectivo, auditando por primeira vez as nosas contas anuais, renovando a certificación de calidade ISO 9001:2015

E sobre todo, **celebramos 20 anos de traballo**, de resultados, de retos conseguidos e de algúns pendentes que asumimos como reto para abordar nos próximos anos. **¡Somos IMPARABLES!**

Fdo. Mónica Touriño

Entidades membro

01 AMENCER ASPACE. Pontevedra

02 APAMP. Vigo

03 ASPACE CORUÑA. Coruña

04 ASPACE LUGO. Lugo

Federación ASPACE GALICIA está constituída na actualidade por 4 entidades especializadas no traballo con persoas con parálise cerebral.

Entre as 4 entidades se traballa coas seguintes persoas con parálise cerebral, socios e socias e profesionais:

Presentación

// MISIÓN

Federación ASPACE GALICIA é unha entidade que nace en 1999 coa Misión de lograr a coordinación e cooperación entre asociacións de parálise cerebral e outras entidades de xeito que a unión e forza das mesmas logre a igualdade de oportunidades das persoas con parálise cerebral.

// XUNTA DIRECTIVA

MÓNICA TOURIÑO SOTO
Presidenta
Amencer ASPACE

SONIA RUIZ VARGAS
Vicepresidenta
ASPACE Coruña

CONCEPCIÓN SOMOZA TORRES
Secretaria
APAMP

CARLOS GODOY CASALDERREI
Tesorero
Amencer ASPACE

Mª CARMEN BARREIRO SANTOS
Vocal
ASPACE Coruña

DANIEL VARELA LAGO
Vocal
APAMP

¿QUÉ FACEMOS?

// ALCANCE DA ENTIDADE

Federación ASPACE Galicia presta diferentes servizos (emprego, formación, sensibilización, novas tecnoloxías, apoio as asociacións...) a máis de 400 persoas con parálise cerebral en Galicia, a través dos servizos propios ou dos prestados a través das entidades membro.

// ORGANIZACIÓN INTERNA

XERENCIA
Coordina os proxectos e as actividades programadas, a xestión de subvenciones e os recursos dos que dispón a Federación **/ Ignacio Pérez Figueroa.**

EMPREGO E FORMACIÓN
Facilitan a integración sociolaboral das persoas con Parálise Cerebral e/ou patoloxías afíns **/ Antonio Luis Doallo Mondelo y Ángeles Lema Oróns.**

ADMINISTRACIÓN
Execución das tarefas administrativas relacionadas co funcionamiento da Federación ASPACE Galicia **/ María Saray Regueira Pérez.**

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO
Información e orientación para persoas con parálise cerebral, familias, profesionais e entidades sociais **/ Ana María Prieto Pérez.**

SENSIBILIZACIÓN
Xestión da comunicación, interna e externa, as campañas e actividades de sensibilización da Federación ASPACE e das súas entidades membro **/ Carmen Asensio.**

APOIO ÁS ASOCIACIÓNS
Servicios especializados para la intervención o atención a personas con parálisis cerebral / **Luis Vidal Estévez López (Nutricionista) / Alfonso Bugueiro, María Pérez Cribeiro, Alexia Gómez Soto, Miguel Ballester Belzunce (Educadores sociales) / Marta Pérez Álvarez (Terapeuta Ocupacional) / Romina Fontán Barreiro, Inmaculada Rodríguez Gil, Ana María Díaz Almeida, Gimena Idiart Viera (Coidadoras) / Roberto Castro Tomé (Formador).**

Servizos e programas. Resultados '19

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

// OBXECTIVO

ASPACE Galicia é a entidada de referencia a nivel autonómico en parálise cerebral polo que estamos a disposición de todas as persoas, organismos e entidades que precisen información sobre o colectivo.

// DIRIXIDO A

Persoas con parálise cerebral, familiares, asociacións e entidades de carácter público ou privado.

// PROFESIONAIS DO SERVIZO

O servizo conta cunha traballadora social.

// ACCIÓNS REALIZADAS EN 2019

. Recopilación e difusión de información en materia de dependencia e discapacidade.
. Recopilación e difusión de información sobre convocatorias de axudas e subvencións de entidades públicas e privadas.
. Atención a familias. Recepción e atención de solicitudes de información sobre diferentes aspectos.
. Realización de informes sobre diferentes temáticas de interese: lexislación do sector.
. Elaboración de documentos, informes e boletíns de Información ás asociacións federadas sobre temas de interese sobre o colectivo.

Comunicación e sensibilización

// OBXECTIVO

Sensibilizar á sociedade en xeral, a través da visibilización do colectivo, das persoas con Parálise Cerebral. Dar a coñecer a súa realidade, as súas necesidades e demandas.

// DIRIXIDO A

Sociedade en xeral.

// PROFESIONAIS DO SERVIZO

A área de Comunicación e sensibilización contou no ano 2019 cunha profesional de Deseño Gráfico.

// ACCIÓNS REALIZADAS EN 2019

DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA DE COMUNICACIÓN EXTERNA DA FEDERACIÓN ASPACE GALICIA

No ano 2019 continuamos avanzando no deseño e na estratexia de comunicación da MARCA ASPACE, potenciando a comunicación externa a través das diversas canles de comunicación coas que contamos na nosa entidade.



Evolución do número de seguidores en redes sociais

IV EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍA ASPACE. PAZO PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. XULLO.

Federación ASPACE Galicia organizou, un ano máis, entre o 9 de xullo e o 19 de xullo unha exposición de fotografías itinerantes que cada ano coordina Confederación ASPACE.

Esta edición, compuesta por 30 instantáneas en blanco y negro del fotógrafo Chomi Delgado, estaba dividida en tres temáticas: amistad, vida en pareja y búsqueda de la familia. En ellas, el artista ha tratado de plasmar la naturalidad de las relaciones personales entre personas con parálisis cerebral buscando historias que se complementan entre sí y en las que sus protagonistas buscan ser aceptados y jamás juzgados.



CELEBRACIÓN DO XX ANIVERSARIO ASPACE GALICIA. XULLO.

En Federación ASPACE GALICIA celebramos o 19 de xullo o noso 20 aniversario. Por este motivo, organizamos unha xornada de celebración, formación e debate sobre o traballo realizado e os retos pendentes con persoas con parálise cerebral en Galicia.

A conferencia celebrouse na Sala de Conferencias do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra. O obxectivo da xornada foi resaltar o traballo realizado nestes 20 anos polo movemento asociativo da parálise cerebral en Galicia e reflexionar sobre os retos aínda pendentes. Ademáis, ¡estreamos logo!

DÍA DA PARÁLISE CEREBRAL. OUTUBRO.

Cada ano o movemento ASPACE celebra, o primeiro mércores de outubro, o Día da Parálise Cerebral. Un día, no que os protagonistas son as persoas con Parálise Cerebral, e que ten como obxectivo visibilizar e sensibilizar sobre o colectivo.

Neste ano 2019, as entidades ASPACE de toda España promovemos a campaña DALE LA VUELTA, que ten como obxectivo visibilizar as situacións de vulneración dos dereitos das persoas con parálise cerebral e con grandes necesidades de apoio, e facer que a sociedade empatice con esta realidade.

Esta campaña tivo o seu punto central o 6 de outubro de 2019, coa celebración nas principais vilas galegas de diversos actos, que tiveron unha grande repercusión social.

III ENCONTRO DE FAMILIAS ASPACE. SANTIAGO DE COMPOSTELA.

NOVEMBRO.

Este Encontro Autonómico de Familias naceu hai 3 anos, como espazo compartido de convivencia e aprendizaxe co obxectivo de dar a coñecer e poñer en valor o traballo da Federación ASPACE GALICIA e os proxectos que leva a cabo en coordinación coas súas entidades membros, rendir contas sobre o avanzado en 2019 nas demandas plantexadas en 2018 polas familias e fomentar a reflexión e formación sobre temas de interese para as persoas con parálise cerebral.

V CONCURSO DE COCIÑA "EN ASPACE COCIÑAMOS XUNTOS".

DECEMBRO

As persoas con Parálise Cerebral son capaces de realizar todo aquilo que se propoñan. Esta é a clave que enmarca o Concurso de cociña "En ASPACE cociñamos xuntos", que chegou neste ano 2019 á súa quinta edición. Unha actividade na que foméntase a creatividade, autonomía e responsabilidade das persoas con parálise cerebral.

Este ano, cun revolto como principal protagonista, preparáronse pratos de enorme complexidade e volveuse a aumentar o nivel gastronómico das propostas. Tamén tivemos un xurado excepcional: Pepe Solla, do restaurante Solla, actuou como mestre de cerimonias dándolle a pistola de partida ao cociñado mentres que Rafa Centeno, do Restaurante Maruja Limón; Marco e Ana do blog La Cocina Es Vida e Yolanda Agra da Federación Provincial de Hoteleiros de Pontevedra tiveron o traballo duro de avaliar as receitas para poder escoller o gañador.

Cun total de 23 participantes e tras tres semifinais, Nacho e Marta, de APAMP, co seu prato titulado “Revolto de ovos con aires de Val Miñor” resultaron gañadores na categoría tradicional mentres que Esteban, David e Bego, de Amencer-ASPACE, o lograron na categoría de triturado/texturizado coa súa receita “Xuntos, pero non revoltos”.

Gañadores da final.

Tódolos grupos recibiron unha cesta de produtos cortesía das nosas empresas colaboradoras: Aceites Abril, Anfaco Cecopesca, O Submarino Alta Conserva, Porto Muiños, Gadis, Galifresh, Productores de Galicia, Grupo Nove cociñeiros, Lago Alimentación e Centro Comercial Gran Vía de Vigo.

DÍA INTERNACIONAL DAS PERSONAS CON PARÁLISE CEREBRAL. BAIXO O MESMO PARAUGAS. DECEMBRO.

Un ano máis, o 3 de decembro celebramos o Día Mundial das Persoas con Discapacidade coa iniciativa “Baixo ou mesmo paraugas”, a cal reuniu nada menos que 78 entidades sociais de toda Galicia para conmemorar o Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Cómpre salientar que nesta cuarta edición a forza do movemento asociativo acada por primeira vez a todas as provincias galegas.

Por iso, celebráronse eventos simultáneos ás 12 horas na Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Pontevedra, Santiago, Lugo e Ourense.

9º CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL DE FEDERACIÓN ASPACE GALICIA. DECEMBRO.

Todos os anos a Federación ASPACE GALICIA convoca un concurso de postais de Nadal dirixido a persoas con parálise cerebral, para elexir a postal coa que felicitar as festas.

Nesta convocatoria, María Jesús Sánchez Sánchez é a deseñadora de Andaravío, galardonada no X Certame de postais de Nadal organizado por ASPACE-Galicia.

Con 70 obras presentadas, o premio nesta X Edición do Concurso de tarxetas de Nadal do 2019 estivo moi reñido. Representantes de todas as nosas entidades federadas (Amencer-Aspace, APAMP Vigo, ASPACE Lugo e ASPACE Coruña) déronse ao máximo nesas semanas de decembro para poder representar á Federación ASPACE-Galicia no seu saúdo anual de Nadal.

EMPREGO E FORMACIÓN

// OBXECTIVO

Facilitamos a integración sociolaboral das persoas con parálise cerebral e/ou patoloxías afines a través de itinerarios persoalizados de orientación, prospección e acompañamento no posto de traballo, necesarios para a súa incorporación ao mercado laboral ordinario.

// DIRIXIDO A

Persoas con Parálise Cerebral e/ou patoloxías afins.

// SERVIZOS DO PROGRAMA

Acollida
Recollemos as demandas e necesidades da persoa con parálise cerebral e valoramos as súas posibilidades de inclusión no programa.

Orientación sociolaboral
Identificamos coa persoa con parálise cerebral as súas expectativas, intereses e necesidades formativas e laborais para consensuar un Itinerario Individual de inserción.

Prospección (formación e emprego)
Contactamos e sensibilizamos a academias de formación e a empresas para mellorar as posibilidades de integración sociolaboral das persoas con parálise cerebral.

Emprego con apoio
Apoiamos a aqueles usuarios do Programa de Emprego e formación de ASPACE que se integran en empresas ordinarias, cos apoios internos e externos precisos.

Formación
Organizamos accións formativas que dan respostas as necesidades e demandas dos participantes no programa.

// BENEFICIARIOS

98 persoas resultaron beneficiadas do noso servizo de emprego e formación.

// PROFESIONAIS DO SERVIZO

Facilitan a integración sociolaboral dous técnicos de Orientación Laboral.

ACCIÓNS REALIZADAS

. Entrevistas iniciais.
. Valoracións profesionais.
. Titorías individuais.
. Deseño de Itinerarios individuais de inserción.
. Accións grupais (Información, asesoramento e formación).
. Elaboración de Curriculum Vitae e Cartas de Presentación.
. Preparación de entrevistas de traballo e formativas.
. Procura de ofertas laborais e formativas.
. Creación de contas de correo electrónico.
. Accións de apoio e acompañamento á formación.
. Información e asesoramento en temas relacionados co emprego e formación
. Formación para a adquisición de competencias dixitais, prevención de riscos laborais ou atención ao cliente.
. Preparación de oposicións.
. Acompañamento nas diferentes fases dos procesos de concurso-oposición.
. Formación e acompañamento nas probas de competencias clave.

. Participación na presentación da Guía de Confederación ASPACE: Guía para la inclusión laboral de las personas con Parálisis Cerebral.
. Participación na elaboración da Guía de Confederación ASPACE: Guía para la puesta en marcha de servicios de empleo en entidades ASPACE.

// DATOS DE INTERESE DO ANO 2019

• 46 persoas estiveron no programa de emprego, en búsqueda activa do emprego.

De elas, 25 conseguiron un contrato no 2019: 6 traballaron en centros especiais de emprego e 19 traballaron en empresas ordinarias.

Dos 25 contratos, 13 foron a tempo parcial e 12 foron a tempo completo.

• 11 persoas participaron nun curso de Auxilliar de Conserxe en Aspace Coruña.

• 3 persoas presentaronse a oposición de Celador do Sergas, obtendo 3 aprobados.

• 8 persoas presentaronse a oposición de Subalterno da Xunta de Galicia, obtendo 3 aprobados.

Apoio ás asociacións

// Obxectivo

Fortalecer o movemento asociativo da atención a persoas con Parálise Cerebral a través de servizos, profesionais ou apoios de diferente índole, e complementarios aos existentes nas asociacións.

. Apoiar ás asociacións membro na procura de recursos para a prestación de servicios e programas complementarios.
. Favorecer a posta en marcha de novos servizos como experiencias piloto.
. Apoiar a existencia de servizos básicos en aquelas entidades con menores recursos e grao de desenvolvemento.
. Favorecer a formación dos profesionais das diferentes entidades.
. Fomentar o estudo e a investigacion sobre diferentes aspectos relativos á parálise cerebral.
. Potenciar a profesionalización e a mellora continua das entidades membro.

// Dirixido a

As entidades membro de Federación ASPACE Galicia, os seus directivos e profesionais.

// Profesionais do servizo

No ano 2019 prestaron os seus servizos dentro deste proxecto da Federación ASPACE Galicia, os seguintes profesionais:

. 4 Educadores sociais
. 1 Terapeuta ocupacional
. 7 Coidadoras
. 1 Nutricionistas
. 1 Formador

// ACCIÓNS REALIZADAS NO ANO 2019.

REUNIÓNS DE XUNTA DIRECTIVA FEDERACIÓN ASPACE GALICIA NO ANO 2019

A Xunta Directiva da Federación ASPACE Galicia reúnese periódicamente para coordinar os traballos da entidade.

REUNIÓNS DO CERMI GALICIA

A Federación ASPACE Galicia é unha das entidades membro do CERMI GALICIA (Comité de Entidades representantes de persoas con discapacidade intelectual).

REUNIÓNS DOS RESPONSABLES DE COMUNICACIÓN DAS ENTIDADES ASPACE DE GALICIA

Os responsables de comunicación das entidades de ASPACE GALICIA reuníronse en varias ocasións no ano 2019 para coordinar as estratexias comúns de comunicación e sensibilización.

III ENCONTRO DE PROFESIONAIS ASPACE GALICIA

Os responsables de comunicación das entidades de ASPACE GALICIA reuníronse en varias ocasións no ano 2019 para coordinar as estratexias comúns de comunicación e sensibilización:

PLATAFORMA DE INCIDENCIAS

MEMBROS DA PLATAFORMA DA INFANCIA DE GALICIA

No ano 2018, constituíuse a Plataforma de entidades da infancia de Galicia, da que desde entón forma a Federación ASPACE GALICIA, representando a todas as entidades de parálise cerebral.

MEMBROS DO CERMI GALICIA

A Federación ASPACE Galicia é unha das entidades membro do CERMI Galicia.

REUNIÓN COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

Ao longo don año 2019 tivemos os seguintes encontros:

. 10 reunións coa Consellería de Política Social
. 3 reunións coa Consellería de Economía, Emprego e Industria.
. 2 reunións coa Consellería de Sanidade

REUNIÓN CO GRUPO PARLAMENTARIO PP GALICIA

Federación ASPACE Galicia e o resto de entidades membro do Cermi Galicia reuníronse este 2019 no Parlamento de Galicia, cos diputados do Grupo Parlamentario do Partido Popular na xornada de sensibilización da discapacidade.

PARTICIPACIÓN NA COMISIÓN CERMI MUJERES

Como membros do CERMI Galicia, temos o obxectivo de favorecer as condicións para que as mulleres con discapacidade poidan gozar plenamente e en igualdade de condicións de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais.

PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA X SOLIDARIA 2019

Un ano máis, Federación ASPACE Galicia participou na campaña a favor da X Solidaria.

Formación e fortalecimiento institucional

// Obxectivo

. Fomentar a formación específica dos profesionais e directivos das diferentes entidades ASPACE.
. Crear canles de comunicación para compartir experiencias e boas prácticas na intervención das persoas con Parálise Cerebral.
. Revisar o traballo realizado e definir liñas de traballo comúns e consensuadas.

// Dirixido a

Equipos directivos e profesionais das entidades.

// Accións realizadas en 2019.

Formación sobre alimentación segura e eficaz

TRITUGUAI. CONTRATACIÓN DUN ESPECIALISTA EN NUTRICIÓN
No ano 2019, dentro do Programa Trituguai para fomentar a alimentación segura e eficaz en persoas con parálise cerebral, a Federación ASPACE Galicia tivo contratado un nutricionista durante 8 meses, que traballou de forma coordinada cos profesionais das entidades membro.

En canto ao programa de Alimentación segura e eficaz, as tarefas que realizou o nutricionista nas entidades foron as seguintes:
. Estudos nutricionais de persoas con parálise cerebral.
. Criterios comúns para os profesionais para a intervención no comedor.
. Valoración das tomas de comida e hidratación a media mañá ou merenda en función das necesidades de cada persoa con parálise cerebral.
. Formación para profesionais, familias e persoas con parálise cerebral sobre aspectos nutricionais
. Revisión de menús das entidades e coordinación coas empresas de cátering.
. Coordinación cos servizos de nutrición das áreas hospitalarias coas que traballamos.

JORNADAS FORMATIVAS SOBRE NUTRICIÓN SEGURA E EFICAZ

ASPACE-Galicia, en colaboración coa Escola Galega de Saúde para cidadáns, organizaou unha serie de actividades formativas sobre nutrición segura e eficaz para persoas con parálise cerebral. En total, 7 formacións en Vigo, Pontevedra, Sada, Lugo e Ourense, cun total de 211 participantes.



DEGLUCIÓN, ALIMENTACIÓN Y POSTURA CORPORAL. UNA VISIÓN INTEGRAL

Impartiuse unha formación destinada a profesionais e impartida por Silvia Fuentes, terapeuta pedriática no Hospital Sant Joan de Deu, en Barcelona.

PROGRAMA TALENTO ASPACE

Este programa da Confederación ASPACE pretende compartir boas prácticas entre profesionais de diferentes entidades ASPACE de toda España. Cinco grupos son los que han funcionado en este 2019 con profesionales de ASPACE Lugo, ASPACE Coruña, Amencer ASPACE, APAMP, ASPACE Galicia, APCA Alicante, ASPACE Asturias, ASPACE Badajoz, ASPACE Baleares, UPACE San Fernando.

GRUPO DE ENVEJECIMIENTO Y PARÁLISIS CEREBRAL
Diseño de protocolos de valoración del proceso de envejecimiento.

GRUPO DE SEXUALIDAD Y AFECTIVIDAD
Se ha trabajado un marco sexológico y en una herramienta de evaluación de la intimidad.

GRUPO DE ALIMENTACIÓN Y DEGLUCIÓN
Diseño de protocolos de valoración de la alimentación en personas con parálisis cerebral.

GRUPO DE MODELOS DE ATENCIÓN
Diseño de una píldora informativa sobre la acogida de nuevos profesionales.

GRUPO DE PARTICIPACIÓN DE PERSONAS CON PARÁLISIS CEREBRAL Y GRANDES NECESIDADES DE APOYO
Trabajando en herramientas para favorecer la participación de este colectivo.

TRANSPARENCIA

// FINANCIADORES PÚBLICOS

XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ESCOLA GALEGA DE SAÚDE PARA CIDADÁNS

Emprego Galicia

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL

Unión Europea
Fondo Social Europeo
"El FSE invierte en tu futuro"

// FINANCIADORES PRIVADOS

Fundación ONCE

ASPACE
PARÁLISIS CEREBRAL
Confederación

Fundación ONCE | Inserta

// COLABORADORES

ASPACE
PARÁLISE CEREBRAL
Galicia

ASPACE
PARÁLISE CEREBRAL

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

www.aspacegalicia.org
T. 986 879 967 | Praza 8 de marzo, 1, 1º. 36003 | Pontevedra